



## A RELACIÓN ENTRE PROFESIONAIS E PACIENTES FOI A TEMÁTICA DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *O xurado entregou os premios do VIII concurso de fotografía que recaeron na matrona Sara Valiente e nos profesionais de enfermaría Cris Álvarez e David Ribada*
- *Formaron parte do xurado o fotógrafo Alfonso Lubián e os tres responsables de fotografía dos periódicos locais, Faro de Vigo, Voz de Galicia e Atlántico Diario*
- *Enlace ao video: <https://youtu.be/Fy-9EX50-SU>*

**Vigo, 30 de xuño de 2023.** O xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, presidiu onte a entrega de Premios do VIII Concurso de Fotografía do Persoal da Área de Vigo aos gañadores deste certame, que este ano tiña como temática "Profesionais e pacientes: avanzando xuntos".



O primeiro premio foi para a matrona do Álvaro Cunqueiro, Sara Valiente Picón, pola súa fotografía "Acompañando nun novo amencer"; o segundo, recaeu na enfermeira Cris Álvarez Riveiro por "La importancia de estar"; e o terceiro en David Ribada Fraga, tamén enfermeiro, que participou coa fotografía "Juntos podemos".

Este concurso, enmarcado no conxunto de actividades conmemorativas do VIII Aniversario do Hospital, tivo un xurado composto por profesionais cualificados, como



Alfonso Lubián e os tres responsables de fotografía dos periódicos locais: Ricardo Grobas do Faro de Vigo; Mercedes Moralejo da Voz de Galicia; e Jorge Landín do Atlántico Diario.



Ademais dos tres premios o xurado realizou unha selección de fotografías para a realización dun vídeo así como as finalistas para ser expostas no hospital. Despois da entrega de premios, inaugurouse a Exposición das seleccionadas na área de consultas externas do hospital Álvaro Cunqueiro.